

8 DE XUÑO RUTINAS CORRESPONDENTES AO DÍA

CONTO DO ELEFANTE COMELLÓN LIDO POLA NOSA PROFE AIDA.

AHORA QUE ESTIVECHE MOI ATENTO AO CONTO QUE AIDA VOS CONTOU IMOS DEBUXAR

1. PON O FOLIO APAISADO (HORIZONTAL) E VAS A DEBUXAR O QUE CHE VOU IR DECINDO A VER SE ERES CAPAZ.
2. VAS FACER DÚAS MONTAÑAS AO FONDO DA PAISAXE, E UN GRAN SOL ARRIBA E Á DEREITA.
3. DEBUXARÁS TRES PALMERAS.
UNHA GRANDE ABAIXO E Á ESQUERDA
OUTRA NO CENTRO DO FOLIO MEDIANA
OUTRA PEQUENA NO LADO DEREITO
4. AO LADO DA PALMERA MÁIS GRANDE VAS DEBUXAR UN LAGO GRANDE
5. DEBUXARÁS UN ARBUSTO A CADA LADO DA PALMERA MEDIANA
6. AO LADO DA PALMERA PEQUENA DÚAS PEDRAS AO LADO ESQUERDO
7. DEBUXA AO LEÓN DORMINDO AO LADO DA PALMERA MEDIANA
8. A PANTERA ESTÁ ABAIXO E Á DEREITA DO FOLIO
9. A GACELA ESTÁ NA PRIMEIRA MONTAÑA
10. A GALIÑA ESTÁ DETRÁS DUN DOS ARBUSTOS DA PALMERA MEDIANA, SO LLE VEMOS A CRISTA...
11. A RA, ESTÁ DENTRO DO LAGO GRANDE
12. A RATA ESTÁ ENRIBA DAS PEDRAS QUE ESTÁN AO LADO DA PALMERA PEQUENA

QUE TAL? CÓMO SAIU ESE DEBUXO? ENVÍAME O RESULTADO.

CANCIÓNS EN INGLÉS

[AÍNDA QUE HOXE NON TERÍAMOS INGLÉS SÍ VOS DEIXO UNS ENLACES QUE VOS MANDA O VOSO PROFE](#)

HELLO SONG ABCS 123FOR KIDS

https://www.youtube.com/watch?v=GFSa0_r0fII

A to Z Alphabet Vehicles Chant with Matt | Learn Vehicles and Transport Names | Alphabet for Kid

<https://www.youtube.com/watch?v=PujFIVtiECc>

HERMAN THE WORM CAMP SONGS FOR CHILDREN

<https://www.youtube.com/watch?v=0-rg7Eit1x4>

9 DE XUÑO RUTINAS CORRESPONDENTES AO DÍA

1. O LEÓN DORME, RONCA E SOÑA .SOÑA O LEÓN CUN MELOCOTÓN
CANTOS GOLPES TEN A PALABRA LEÓN, E A PALABRA MELOCOTÓN?
2. PENSA PALABRAS QUE ACABEN EN ÓN E ESCRIBEAS (CON CATRO SUFICIENTE)
3. AHORA DEBES FACER UNHA FRASE QUE INCLUA DÚAS DESAS PALABRAS PARA FACER
UNHA RIMA COMA A QUE APARECE NO CONTO...
“SOÑA O LEÓN
CUN MELOCOTÓN”

AHORA QUE XA SABES O TRUCO BUSCA UNHA PALABRA QUE ACABE COMO O TEU NOME E INVENTA UNHA RIMA. GRAVASME ESA RIMA A VER QUE CHULA QUEDOU? TAMÉN MA PODES ESCRIBIR.

10 XUÑO RUTINAS CORRESPONDENTES AO DÍA.

O LEÓN ATÓPASE CUNHA PANTERA QUE BUSCA UNHA PERA

- 1- AS PANTERAS SON DE COR NEGRO. PENSA COUSAS/ANIMAIS QUE SON NEGROS
COMO A PANTERA
- 2- PINTAMOS UN FOLIO CON CERAS PLASTIDECOR TOTALMENTE E DESPOIS CON
CERA GROSA (DACS, MANLEY...) PINTAMOS POR ENCIMA DE NEGRO. POR ULTIMO
CUN PALILLO RASCAMOS CERA NEGRA FACENDO UN DEBUXO O DEBUSXO SAIRÁ
COAS CORES QUE PINTAMOS POR DEBAIXO.

11 XUÑO RUTINAS CORRESPONDENTES AO DÍA

O LEÓN BUSCA UN MELOCOTÓN

A PANTERA UNHA PERA

A GALIÑA UNHA PIÑA...

Daste conta do gran número de froitas que enuncia? RECORDA O NOME DESAS
FROITAS E IMOS FACER FIGURAS CON FROITAS SÍ SÍ.

AQUÍ ALGUNHAS IDEAS FAI A QUE MÁIS CHE GOSTE, OU QUE MELLOR SE ADAPTE Á
FROITA QUE TES NA CASA, TAMÉN PODES FACER AS TÚAS PROPIAS CREACIÓNS.



12 DE XUÑO

PREPARACION DA FESTA DE FIN DE CURSO

IMOS PREPARAR UNHA FESTA PARA CELEBRAR O REMATE DO CURSO.

COMEZAMOS COS PREPARATIVOS. A CONTINUACION, DUAS COUSIÑAS SINXELAS.

1. O PANEL DA AMIZADE

NUNHA BOA CELEBRACION NON PODEN FALTAR OS AMIGOS E AS AMIGAS. DESTE MODO, ANIMOVOS A FACER UN PANEL (PODEDES DESEÑALO COMO MAIS VOS GUSTE, NON TEN PORQUE SER UN PANEL EN SI) CO TITULO A NOSA FESTA ONDE INCLUADES OS NOMES DOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS. SEGURO QUE QUEDAN BEN BONITOS!!!

*SE QUEREDES, TAMEN PODEDES FACER ALGUNHA OUTRA DECORACION SINXELA QUE SE VOS OCORRA.

UNHA INDUMENTARIA PARA A OCASION

PARA TER UN AMBIENTE MAIS FESTIVO, INVITOVOS A DESEÑAR UNS GORROS SINXELOS, PARTINDO DUN TRIANGULO DE PAPEL, DE XORNAL, DE CARTOLINA... E, ENROLANDO. NON ESQUEZADES DECORALOS.

2 UN BO APERITIVO

CONVIDOVOS A FACER, XUNTO COA VOSA FAMILIA, A VOSA RECEITA FAVORITA UNHA COMIDA, UNHA MERENDA, UN POSTRE..., O QUE QUEIRADES! NUNHA BOA FESTA TAMPOUCO PODE FALTAR UNHA BOA COMIDA!

Chega o momento dos xogos... COMEZAMOS!!! ESTADES PREPARADOS E PREPARADAS?

PRIMEIRO: PROPOÑOVOS DIVERSAS ACTIVIDADES (ELIXIDE A/S QUE MAIS VOS GUSTE/N):

ENCESTAR DIFERENTES MATERIAIS NUNHA CAIXA DE CARTON

CONDUCIR UNHA PELOTA DE PING -PONG OU SIMILIAR SOPRANDO POR UNHA PALLA DENDE O LUGAR DA SAIDA ATA A META SEN SAIRSE DO CAMIÑO MARCADO

XOGAR AS ADIVIÑAS CON MIMICA (SEMANA 2: 20 DE ABRIL)

ENROLAR UN ANACO DUN NOVELO DE LA ANTES DE QUE REMATE O TEMPO

DISFRAZARSE DE DIFERENTES PERSONAXES, CON COUSIÑAS QUE TEÑADES POLA CASA

TEATRO DE TITERES

FACER UNHA TORRE CON CALQUERA MATERIAL QUE TEÑADES EN FORMA DE PIRAMIDE

PINTACARAS DO QUE MAIS VOS GUSTE

TRABALINGUAS (SEMANA 3: 27 DE ABRIL)

XOGAR AOS BOLOS, A MARIOLA, A PITA CEGA...

PINTAR COS PES

XOGOS DE MESA: DOMINO, TRES EN RAIA, PARELLAS...

RETOS: DUN PUNTO A OUTRO CORRENDO, COMO UN XIGANTE / ANANO, A PATA COXA, SALTANDO...

A MODO DE FIN DE FESTA... CONVIDOVOS A ESCOITAR AS VOSAS CANCIONS FAVORITAS PARA BAILAR E CANTAR. NUNHA BOA FESTA TAMPOUCO PODE FALTAR A MUSICA!